

Prezadas familias:

O Centro ponse en contacto con vostedes para informarles da creación da figura do *Coordinador/a de Benestar e Convivencia*. Esta coordinación ten como función poñer en práctica e coordinar todas as propostas e medidas que sexan oportunas para mellorar o benestar da Comunidade Educativa da que vostedes e os seus fillos/as forman unha parte importante, e propiciar unha convivencia sa, democrática e solidaria nas nosas aulas e en todos os demais espazos do centro.

A persoa que levará dita coordinación é a profesora Sonia Vivero, coa que poderán poñerse en contacto a través do teléfono do centro ou ben a través do seguinte correo: benestareconvivencia@iesdesabon.org

Se teñen calquera problema no referente á convivencia e o benestar dos seus fillos/as no centro ou se queren facer calquera outra consulta ou solucionar algunhas dúbidas.

Queremos tamén informarles que temos no centro á disposición de todo o alumnado, *unha aula específica de "benestar e convivencia"*, un lugar onde todos/as nos sintamos a gusto, podamos resolver os problemas e lograr que cada quen ao seu ritmo mellore na convivencia cos demais e por suposto, isto supoña que mellore no seu rendemento académico.

Ao longo deste curso a Coordinación de Benestar e Convivencia en colaboración co Equipo directivo vai levar a cabo diversas actividades enfocadas a este tema, comezando cunha sondaxe global de todo o alumnado sobre a súa opinión da convivencia no centro e o seu estado de ánimo de cara a afrontar o curso escolar. Tamén esperamos levar a cabo charlas e formacións sobre aspectos de interese para as familias sobre cuestións que nos preocupan a todos tanto pais, nais como docentes.

Quedamos á súa disposición e esperamos contar con todos vostedes para que os nosos rapaces e rapazas se sintan ben no centro e logren os seus obxectivos.

Un cordial saúdo